

[MVAG/MCVR]

Na sala de comisión “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**, o día **23 de maio de 2024**, ás **10:30 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
María Deza Martínez
(Vicepresidenta)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

María Encarnación Amigo Díaz
Victor Manuel Baladrón Lamas
Enrique Barreiro Sánchez
Miguel Fidalgo Iglesias
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
María Dolores Hermelo Piñeiro
Don Rubén Lorenzo Gómez
Don José Manuel Mato Díaz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Iria Carreira Pazos
(en substitución de Carmela González Iglesias)
José Manuel Golpe Acuña
José Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:

Julio Ernesto Abalde Alonso (S)
Carlos López Font (S)

Propoñente:

Rosana Pérez Fernández (BNG)

Comparecentes:

Director xeral de Planificación Enerxética e Minas
Directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

Letrada:

María Vicenta Aneiros González

A señora presidenta abre a sesión e rógalle ao señor secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que integran o punto primeiro da orde do día, consistente en tramitar en primeiro lugar a pregunta doc. núm. 1065 (1.2) e en segundo lugar a doc. núm. 748 (1.1) Non se manifestan obxeccións ao respecto.

Xa que logo, procédese ao trámite da pregunta doc. núm. 1065 (1.2):

Punto 1. Preguntas:

- 1.2 1065 (12/POC-000159)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre a política actual do Goberno galego para o desenvolvemento da
enerxía eólica, as súas previsións en canto ao impulso dun novo marco
regulador e as medidas para mellorar o retorno económico ás
comunidades rurais e aos concellos afectados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

A **señora Iglesias Rey (S)**, expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **señor director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria), Pablo Fernández Vila**.

En rolda de réplica, a **señora Iglesias Rey (S)**, agradece as explicacións do señor director xeral, pero considera que non contestou ás preguntas que se formulan na iniciativa, sobre as que volve incidir.

Pecha o debate desta iniciativa o **señor director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila**, matizando as verbas da señora deputada e ampliando a información aportada na súa anterior intervención.

- 1.1 748 (12/POC-000075)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Alén Castro, Gabriel e 8 máis
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para
responder ás necesidades de acceso a axudas que permitan continuar

cos obxectivos da Axenda enerxética de Galicia 2030 en materia de autoconsumo. almacenamento, enerxías renovables térmicas e mobilidade eficiente

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f1, do 15.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Lorenzo Gómez (P)**, quen, logo de agradecer á Comisión esta alteración da orde do día, procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **señor director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria), Pablo Fernández Vila**.

En rolda de réplica o **señor Lorenzo Gómez (P)**, agradece a información aportada polo señor director xeral, sobre a que expón novas consideracións.

O **señor director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila**, pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do señor Fernández Vila nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.3 3224 (12/POC-000493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da posibilidade de impulsar neste ano 2024 un plan de mellora dos parques empresariais galegos, así como sobre a promoción do solo industrial do interior e das comarcas de Bergantiños e da costa atlántica

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25f2, do 16.05.2024

A **señora Iglesias Rey (S)**, expón as razóns que motivaron a formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento anteriormente subliñado.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia a **señora directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial (Consellería de Economía e Industria), Margarita Ardao Rodríguez**.

En rolda de réplica a **señora Iglesias Rey (S)**, expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola señora directora xeral.



Pecha o debate da iniciativa a **señora directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, Margarita Ardao Rodríguez**, completando a información facilitada na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora Ardao Rodríguez cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.

Ao longo da anterior intervención a señora presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento de Galicia, pasando a ocupar a Presidencia a señora vicepresidenta.

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 1994 (12/PNC-000247)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis
Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de adoptar un acordo parlamentario relativo á implantación da factoría de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A señora presidenta, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4604), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos membros da comisión.

Deseguido, concédelle a palabra á **señora Sanz Arias (P)**, quen procede á formulación e defensa da iniciativa con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Iglesias Rey (S)**, quen expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e amosa os motivos polos que o seu grupo presenta esta emenda de modificación, que espera se teña en conta polo grupo propoñente.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante a **señora Carreira Pazos (BNG)**, deixan constancia das súas argumentacións e desacordo coa devandita proposta, anunciando o rexeitamento do seu grupo á mesma.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Sanz Arias (P)**, critica as argumentacións das voceiras que a precederon no uso da palabra e reitérase na defensa da súa proposta nos termos en que está presentada.

Solicita a palabra o voceiro do G.P. Mixto, Armando Ojea Bouza, para amosar a súa protesta polo feito de que a Presidencia non lle dera opción de intervir, pois aínda que non o ía facer, considera que cando menos lle debería dar esa posibilidade. A Presidencia pídelle desculpas e lamenta ese lapsus.

A señora Sanz Arias incorpórase ao seu posto no Mesa da Comisión.

A señora Iglesias Rey (S), abandona a sesión e incorpórase á mesma para a súa substitución o seu compañeiro de grupo, señor López Font.

2.2 2448 (12/PNC-000315)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis
Sobre o plan que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de
evitar a deslocalización de empresas, producións e proxectos do sector
da automoción da área de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 20f2, do 02.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 4608), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos membros da comisión

A continuación concédelle a palabra ao **señor Ruanova Vilas-Boas (BNG)**, que pasa a expoñer as razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta proposta, ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervéñ o **señor Fidalgo iglesias (P)**, para explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversos desacordos coa intervención do señor propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes o **señor Ojea Bouzo (M)**, comunica que non fará uso desta rolda.

Nesta mesma rolda intervéñ polo **G.P. dos Socialistas de Galicia o señor López Font**, quen, tras comentar algunhas das argumentacións expostas polo señor propoñente e manifestarse a prol da devandita iniciativa, propón unha emenda “in voce” consistente en incluír “*en colaboración co Concello de Vigo e Zona Franca de Vigo.*”

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida **señor Ruanova Vilas-Boas (BNG)**, comenta as anteriores intervencións e agradece o apoio amosado polo G.P. dos Socialistas de Galicia, do que acepta a emenda “in voce”, e lamenta a postura do voceiro do G.P. Popular de Galicia.



A señora presidenta preguntalle ao voceiro do G.P. Popular de Galicia se acepta a emenda “in voce” proposta polo G.P. dos Socialistas de Galicia, ao que o señor Fidalgo Iglesias responde que non.

O señor López Font (S), abandona a sesión e incorpórase á mesma para a súa substitución o seu compañeiro de grupo, señor Abalde Alonso.

2.3 3277 (12/PNC-000410)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que leve
adiante as accións necesarias para poder dispor do parque
empresarial da Barbanza no prazo de tempo máis breve posible
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 4609), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Pérez Fernández (BNG)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora Hermelo Piñeiro (P)**, para defender e explicar o sentido da emenda presentada polo seu grupo, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola señora proponente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes o **señor Ojea Bouzo (M)**, manifesta que non fará uso da mesma.

Nesta mesma rolda intervén o **señor Abalde Alonso (S)**, para posicionarse a favor da proposición non de lei defendida

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Pérez Fernández (BNG)**, expón diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións e anuncia que estaría disposta a aceptar a emenda do G.P. Popular de Galicia sempre e cando se aceptara establecer “no prazo de un ano”.

A **señora Hermelo Piñeiro (P)**, considera que non se pode cuantificar nun ano, pois non sabe con exactitude se se poderá cumprir o prazo, polo que propón establecer “á maior brevidade posible”.

A **señora Pérez Fernández (BNG)**, insiste en establecer “no prazo de un ano”, de non ser así, non aceptarían a emenda.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 1994 (11/PNC-000247), do G.P. Popular de Galicia. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... **9** (G.P. P)
Votos en contra: **6** (GG.PP. BNG+M)
Abstencións: **2** (G.P. S)

«O Parlamento de Galicia acorda:

1º. Manifestar o seu apoio á implantación da iniciativa empresarial de Altri para instalar a futura fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei, por canto supón unha oportunidade para xerar riqueza e emprego cualificado na nosa comunidade, fomentar o asentamento de poboación no rural galego, pechar o ciclo produtivo e de valor da madeira e favorecer os propietarios de montes, e xerar sinerxías con dous sectores clave da economía galega como son o téxtil e o forestal.

2º. Instar a Xunta de Galicia a dar prioridade a este proxecto de interese estratéxico, sempre garantindo o cumprimento da máis estrita normativa medioambiental, técnica e sectorial que lle sexa de aplicación.

3º. Instar a Xunta de Galicia a reiterar ao Goberno de España a necesidade de concretar liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation para o desenvolvemento deste proxecto coa maior celeridade posible.

4º. Instar o Goberno galego a se dirixir ao Goberno de España para exixir que inclúa na planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026 todas as medidas xa trasladadas reiteradamente pola Xunta de Galicia e que son precisas para dar resposta ás necesidades dos proxectos industriais intensivos en enerxía cuxa viabilidade e competitividade dependen da conexión eléctrica, como a construción dunha subestación eléctrica para a subministración da planta de Altri en Palas de Rei.»

2.2 2448 (11/PNC-000315), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... **7** (GG.PP. BNG+ S)
Votos en contra: **9** (G.P. P)
Abstencións: **1** (G.P. M)

2.3 3277 (11/PNC-000410), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7 (GG.PP. BNG+ S)

Votos en contra: 9 (G.P. P)

Abstencións: 1 (G.P. M)

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:50 horas.

Vº. e pr.
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Secretario da Comisión
Ramón Tomás Fernández Alfonso